



## **BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DOS PREMIOS CORRESPONDENTES Ó DESFILE DE DISFRACES DO ENTROIDO DO CONCELLO DE BURELA DO ANO 2017.**

### **CAPÍTULO 1.- LOCALIZACIÓN DO CONCURSO**

#### **Primeira. ORGANIZACIÓN**

A organización do concurso de disfraces corre a cargo do Concello de BURELA, co seguinte enderezo: rúa Eijo Garay, 20 27880 de BURELA.-

Colabora a Asociación de Empresarios, Comerciantes, Industriais e Autónomos de Burela (ACIA).-

#### **Segunda. UBICACIÓN**

##### **2.1.- Espacial.**

No concello de Burela (Casa de Xuventude) terá lugar a inscrición necesaria para poder concursar, de forma presencial, telefónica ou por correo electrónico.-

TELÉFONO: 982581141

EMAIL: casaxuventude@burela.org

O concurso de disfraces terá lugar no seguinte percorrido polas rúas de BURELA:

- Domingo 26 de febreiro de 2017 ás 17:00 horas da rúa do Ril ata a Praza do Concello.

En caso de que as condicións atmosféricas impidan a realización do desfile segundo está especificado nesta base, será trasladado á Praza do Concello.-

##### **2.2.-Temporal.**

O concurso e desfile de disfraces celebrarase o domingo 26 de febreiro de 2017 a partires das 17:00 horas. A inscrición poderá efectuarse todos os días da semana de 9:30 a 14:00 e 17:00 a 20:00 excepto venres de 9:00 a 14:00. O prazo remata o vindeiro día 24 de febreiro de 2017. A organización resérvase a posibilidade de facer pequenas reestructuracións no horario previsto.-

### **CAPÍTULO 2.- DOS PARTICIPANTES.**

#### **Terceira. Participantes e modalidades de inscrición.**

Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, pertencentes ou non ao concello que o convoca; de dentro ou fóra dos límites municipais da localidade onde se organiza.

Á inscrición poderá formalizarse nalgunha das categorías seguintes:

Individual Infantil: nesta categoría participarán nenos e nenas ata 12 anos.



Parella Infantil: nesta categoría entran as parellas de nenos ou nenas ata 12 anos.

Grupo Infantil: nesta categoría encádranse os grupos de 3 ou máis persoas, nos que o 51% ou máis destas teñan ata 12 anos.

Adulto Individual: nesta categoría participarán persoas de máis de 12 anos.

Adulto Parella: nesta categoría entran as parellas de persoas que teñan máis de 12 anos.

Adulto Grupo: nesta categoría entran os grupos de 3 ou máis persoas, nos que os seus integrantes teñan máis de 12 anos, e que polo seu número de adultos non pertenza á categoría infantil.

### CARROZAS.

A inscrición no modelo oficial facilitado polo Concello de BURELA constitúe un requisito imprescindible que deben cumprir os participantes que queiran optar a un premio.

Para dar validez á inscrición ademais do Anexo I, deberá xuntarse a seguinte documentación:

- No caso de menores de idade deberá achegarse a autorización dos pais ou titores legais no modelo do Anexo II, así como fotocopia do D.N.I. do mesmo.
- No caso de participar Asociacións legalmente constituídas copia do CIF da mesma e acta de nomeamento do representante legal.
- No caso de agrupacións sen personalidade xurídica entregar o Anexo III debidamente cumprimentado por tódolos compoñentes da agrupación, mediante o que se autoriza ao representante legal para que poida percibir en nome de todos e cada un dos compoñentes o correspondente premio se o obtiveran.

### **Cuarta. Do representante legal.**

É aquela persoa designada polos membros do Grupo ou agrupación para que os represente e actúe como único voceiro ante a Organización, debendo figurar a súa identidade e designación no Anexo II. As súas funcións e competencias son as seguintes:

- a) Cumprimentar a folla de inscrición, ademais do resto da documentación e facela chegar en prazo.
- b) Deberá indicar claramente o seu nome e apelidos, D.N.I., enderezo, localidade, teléfono e enderezo de correo electrónico e os compoñentes da agrupación deberán asinar no boletín de inscrición a autorización ao representante legal para que poida percibir en nome de todos e cada un dos compoñentes o correspondente premio se o obtiveran.
- c) Presentará as posibles reclamacións ante a Organización e unha vez comezado o concurso ante o Secretario do Xurado, sempre por escrito e debidamente identificado. O escrito deberá estar rubricado polo menos pola metade máis un dos compoñentes da Agrupación.

### **CAPÍTULO 3º.- DO XURADO**

---

**Concello de Burela**

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 Lugo. Tfno. 982586000. Fax: 982585945



#### **Cuarta.- Composición e funcións do xurado**

1º O xurado estará presidido por un membro do Concello e composto por un mínimo de 4 vocais que serán persoas maiores de idade que non pertencan á organización do concurso, así mesmo, o xurado contará cun secretario que actuará con voz pero sen voto e que se encargará de levantar a acta de premios.

2º A función do xurado será a de puntuar a cada un dos participantes no concurso para a posterior entrega dos premios.

3º As persoas que conforman o xurado actuarán libremente, por decisión propia sen intermediación de terceiros.

4º O Xurado poderá propor a celebración dun pase adicional na Praza do Concello para todos os participantes nas distintas categorías.

#### **Quinta.- Normas de puntuación.**

1º Para a puntuación dos concursantes valoraranse tres aspectos relevantes: *orixinalidade da idea, elaboración do disfraz e interpretación do personaxe.*

2º *Orixinalidade da idea.* Valorarase que se trate dunha idea non repetida e se se relaciona con algún acontecemento da actualidade que se trate dun xeito orixinal. Se é unha idea repetida porase atención na maneira de tratala, se se fai dun xeito diferente e orixinal ou polo contrario estamos ante unha repetición.

3º *Traballo de elaboración.* Ter en conta o material con que foi elaborado e se implica moito esforzo na súa elaboración. Sempre se puntuará negativamente aqueles disfraces dos que se sospeite que non foron elaborados polos concursantes, é dicir, que foron mercados tal cal se presentan.

4º *Posta en escena.* Puntuarase positivamente que os concursantes se impliquen no papel que intentan representar co seu disfraz.

5º A través dunha táboa de puntuacións entregada con anterioridade ao concurso a cada membro do xurado, levarán a cabo a valoración de cada un dos concursantes. Para isto puntuarán de 0 a 10 cada aspecto a ter en conta, sendo 0 a puntuación máis baixa e polo tanto a máis negativa e 10 a puntuación máis alta e polo tanto máis positiva.

6º En cada categoría descartaranse as puntuacións máis alta e máis baixa de entre todas as recollidas entre os membros do xurado, e sumaranse o resto de puntuacións.

7º En caso de empate entre dous ou máis concursantes, (coa mesma puntuación), abriríase un debate entre os membros do xurado para chegar a unha posible resolución. De non ser posible e sempre como última medida, levarase a cabo un sorteo entre os concursantes empatados.

8º O xurado, sempre que o número de participantes o permita, deberá propor por cada categoría ós 3 premiados e a dous reservas para o caso de que algún dos premiados non puidera recoller o seu premio ou ben na fase de entrega se comprobouse que non



reúne as condicións establecidas para participar na correspondente categoría.

9º O xurado gárdase a posibilidade de que quede algún premio vacante, no caso de que non vexa a ningún dos concursantes merecedor de dito premio.

#### **CAPÍTULO 4.- PREMIOS**

##### **Sexta.- Importes e categorías dos premios.**

O valor dos premios outorgado a cada categoría será o seguinte:

###### Individual Infantil:

- 1º premio: 90 euros
- 2º premio: 40 euros
- 3º premio: 20 euros

###### Parella Infantil:

- 1º premio: 100 euros
- 2º premio: 60 euros
- 3º premio: 30 euros

###### Grupo Infantil:

- 1º premio: 200 euros
- 2º premio: 100 euros
- 3º premio: 50 euros

###### Adulto Individual:

- 1º premio: 100 euros
- 2º premio: 50 euros
- 3º premio: 25 euros

###### Adulto Parella:

- 1º premio: 150 euros
- 2º premio: 100 euros
- 3º premio: 50 euros

###### Adulto Grupo:

- 1º premio: 210 euros
- 2º premio: 150 euros
- 3º premio: 75 euros

###### CARROZAS:

- 1º premio: 300 euros
- 2º premio: 250 euros
- 3º premio: 150 euros

De conformidade co artigo 75.3 do Real Decreto 439/2007 de 30 de Marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e se modifica o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións, aprobado por Real decreto 304/2004, de 20 de febreiro, non existe obriga de practicar retención ou ingreso a conta sobre os mencionados premios, agás os que superen a contía de 300,00 euros.



Se un mesmo grupo, colectivo ou asociación inscribe máis de unha comparsa ou charanga computaráselles a efectos de achega económica pola suma total do número de integrantes das comparsas ou charangas sacadas.

#### **Sétima.- Da entrega dos premios.**

Os concursantes maiores de idade deberán ir documentados con DNI, Pasaporte, Tarxeta de Residencia ou calquera outro documento oficial que os identifique, aos efectos de que en caso de ser gañadores do premio ao mellor disfraz, poda constar a súa identidade na acta que se levantará ao efecto e que os identificará como gañadores do premio.

No caso de participantes menores de idade, se tivesen os documentos identificativos relacionados no paragrafo anterior, presentaranos, en todo caso, deberán ir acompañados do pai, nai ou titor legal (coa súa correspondente documentación) que poda responder do menor en caso de ser gañador dun premio.

A entrega dos premios para as categorías infantís, será en acto público unha vez finalizado o desfile no palco da orquestra na Praza do Concello. Para a entrega destes será requisito imprescindible a presenza do agraciado provisto de DNI e ataviado co disfraz gañador.

A entrega de premios nas categorías de adultos e carrozas, será un acto público que terá lugar no descanso da orquestra. Para a entrega destes será imprescindible a presenza do agraciado co DNI, non sendo preciso manter o disfraz gañador nese momento.

A falta de concorrencia destes requisitos ou a non presenza do mesmo no momento do chamamento implicará a perda do dereito a reclamar o importe do premio concedido.

Así mesmo, se da documentación presentada para reclamar o premio se derivase o incumprimento por calquera dos participantes ou grupos das condicións establecidas nas presentes bases e en particular as relativas á idade levará automaticamente a perda do premio outorgado pasando o mesmo ó seguinte por orde de puntuación.

#### **DISPOSICIÓNS FINAIS**

Calquera persoa que queira participar no concurso ten dereito a poder acceder a estas bases e facer calquera consulta que considere oportuna.

As presentes bases serán publicadas na paxina web do concello de BURELA.

A participación no concurso implica directamente a aceptación destas normas. O non cumprimento delas desencadeará na exclusión e non participación no concurso do individuo ou individuos que non cumpriran estas.

O CONCELLEIRO DELEGADO DE CULTURA

ASDO: José Díaz García

---

**Concello de Burela**

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 Lugo. Tfno. 982586000. Fax: 982585945